

A diversidade lingüística

Como sabedes, No mundo fálanse arredor de 6900 linguas. Algo menos do 50 % delas ten menos de 10 000 falantes. Un 25 % non chega aos 1000. Só o 5 % pasa do millón de falantes (neste grupo está o galego). Os continentes que contan con máis diversidade lingüística son África e Asia; o que menos, Europa.

As familias lingüísticas

As familias lingüísticas están constituídas polas linguas que proceden dun tronco común. O galego, coma o castelán, o catalán, o italiano... procedén do latín; son as linguas románicas ou romances, a nosa familia lingüística.

A lusofonía

A lusofonía é a comunidade formada polos falantes de lingua portuguesa en todo o mundo; nalgúns lugares este idioma é oficial e, noutros, non. Esta comunidade constitúe a familia lingüística máis próxima da lingua galega. Velaquí un mapa dos países en que o portugués é lingua oficial:

Aquí se fala portugués

Como están distribuídos os cerca de 240 millóns de cidadáns lusófonos abarcados polo novo acordo ortográfico



Ilustração: Revista VEJA

Por que a lusofonía é a nosa familia lingüística máis próxima?

A lingua galega e a portuguesa son «irmás xemelgas». O galego e o portugués foron unha única lingua entre os séculos IX e XII/XIII. Sepáranse coa independencia de Portugal do reino de Galicia e León (s. XII).

O rei D. Dinís declara o portugués como lingua oficial do reino de Portugal no s. XIII, mentres o galego queda relegado a ser a lingua propia dun reino sen rei, subordinado á coroa castelá. O castelán convértese na lingua de comunicación dos estamentos do poder nos territorios da coroa de Castela; o portugués faíno en Portugal; o galego pasa a ser unha lingua falada polo pobo e non polo poder.

Hai quen di que, no canto de lusofonía, deberíase chamar comunidade galegófona ou galegofonía, pois o reino de Galicia foi o berce de ambas linguas.

Traballo voluntario

- Realiza a ficha sobre as familias lingüísticas e a lusofonía que hai nesta carpeta da aula virtual.
- Cómpre entregala impresa, mais pódedela cubrir á man ou a ordenador.
- Data máxima de entrega: venres 28 de novembro.

Este traballo poderá sumar ata 0,2 puntos máis na nota final do trimestre.